



(F\_TOD\_45)  
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA  
UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS

#### HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
24/06/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	204	04/09/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

#### SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concelloedemonforte.com](mailto:informatica@concelloedemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE .....	3
ARTIGO -2- SUXEITOS PASIVOS .....	3
ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA .....	3
ARTIGO -4- XESTION .....	3
DISPOSICIÓN FINAL .....	3

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola Utilización de edificios municipais, que rexerese pola seguinte Ordenanza Fiscal

## ARTIGO -1- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta Taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local consistente na utilización dos edificios municipais, sempre que non sexan exercidas por entidades sen fins lucrativos para actividades de interese social

## ARTIGO -2- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que constitúe o feito impoñible

## ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será o resultado da aplicación das tarifas seguintes:

CONCEPTO	€ / día	€ / hora
Utilización dos edificios municipais	144,20	18,03

## ARTIGO -4- XESTION

1. Toda solicitude de licenza para que poida ser admitida a trámite deberá acompañarse do xustificante de ter aboado o depósito previo e informe favorable sobre dispoñibilidade do local no día solicitado. A cantidade ingresada como depósito se aplicará á resultante da liquidación definitiva unha vez que recaia resolución sobre a concesión da licenza e si esta foira denegada o interesado poderá instar a devolución dos dereitos depositados. Tamén procederá a devolución da Taxa cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, non se efectúe o uso previsto
2. Cando pola utilización dalgún dos edificios, estes sufriran dano ou deterioro, o beneficiario da licenza estará obrigado a pagar, sen prexuízo do pago da taxa, o custe íntegro dos gastos de reparación ou reconstrución si foran irreparables ou da súa indemnización e ao depósito previo do seu importe.
3. Aquelas entidades coas que o Concello teñan asinado un Convenio de Colaboración rexeranse polo estipulado no Convenio.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 24 de xuño de 2010 e publicada no B.O.P de Lugo núm. 204 de 4 de setembro de 2010, entrando en vigor o día 5 de setembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016

O Alcalde, José Tomé Roca

